



3

VigoZOO

CADERNO DIDÁCTICO
EDUCACIÓN PRIMARIA (1º CICLO)

ACTIVIDADE 1: Fixate nas fotos e escribe o nome destes mamíferos.



LEÓN



PANTEIRA



CERVO





BURRO

Mamífero: clase de vertebrado que alimenta ás súas crías con leite segregada polas glándulas mamarias das femias.

Vertebrado: animal dotado de vértebras (ósos articulados entre sí que forman a columna vertebral). Exemplo de vertebrados: ser humano, león, serpes, paxaros, etc.

Exemplo de invertebrados: insectos, arañas, etc.

ACTIVIDADE 2: Colorea os animais salvaxes de cor vermella e os animais domésticos de outra cor.



ACTIVIDADE 3: Como se chama o lugar onde durmen os osos? Rodea o nome con circulo.

Oseira

Niño

Madrigueira

Oseira: cova onde vive o oso. A femia utiliza a oseira en inverno, non soamente para refuxiarse, senón tamén para parir aos oseznos (en xaneiro). Non sae dela ata a primavera, nin sequera para alimentarse, xa que utiliza a reserva de grasa que acumulou nos meses anteriores.

Os machos se refuxian de inverno a primavera, en covas ou lugares resgardados pero sen as femias, e si o necesitan saen para alimentarse.

ACTIVIDADE 4: Cales destes animais teñen lá? Rodea os nomes con circulo.

Águia

Cervo



Ovella

León


Llama

Oso


ACTIVIDADE 5: Saberías dicirnos cal destas patas pertence á tartaruga? Únea cunha frecha.



ACTIVIDADE 6: Cal destes debuxos pertence á pel da cebra? Pinta a este mamífero coas formas correctas.



ACTIVIDADE 7: Axuda ao noso amigo o pavo real a atopar o seu alimento.



El pavo real es un ave omnívora que come de todo, desde insectos a frutas, verduras, cereais, etc.

ACTIVIDADE 8: Pinta a este león para axudarlle a agacharse entre as herbas da sabana.







A súa cor é marrón claro. A melena é de cor marrón máis escura, é unha característica propia do macho, xa que a femia carece dela. Ao macho sérvelle para defenderse cando se pelexa con outros machos. O león é o "rei da sabana".

ACTIVIDADE 9: Das seguintes aves, sinala con circulo as que non voan.

Bufo **Ñandú** Pato Águia real **Emú** Cegoña

Son aves corredoras da familia da avestruz, que alcanzan de 40 a 60 Km./h. O ñandú é orixinario de Sudamérica, mentres que o emú é de Australia.

ACTIVIDADE 10: Escribe "si" ou "non" nas caixas segundo corresponda ás características do animal.

				
6 PATAS	NON	NON	NON	SI
ESCAMAS	SI	NON	SI	NON
AS	NON	NON	NON	SI
ANTENA	NON	NON	NON	SI
TEA DE ARAÑA	NON	SI	NON	NON

ACTIVIDADE 11: DEBATE

Tema: MASCOTAS.

O mestre/a pregunta aos alumnos/as quen ten mascotas e de que tipo. A continuación preguntará aos alumnos/as que lles parece ter animais salvaxes como mascotas, e se pensan que é o mesmo ter en casa un can, un gato, etc (animais domésticos), ou unha tartaruga, un loro, etc (animais salvaxes), e, aínda estando ben cuidados, se é adecuado sacalos do seu medio natural.

A continuación, entablar un pequeno debate sobre o anteriormente exposto.

A raíz do mesmo, o importante sería resaltar e concienciar aos nenos/as de que se está perxudicando, coa compra, ou que moitos animais sexan apartados do seu medio natural, e que non é o mesmo ter un animal doméstico que depende do ser humano, a un animal salvaxe que non nos necesita para sobrevivir.

Para que os alumnos/as entendan mellor o exposto, poñer un exemplo práctico.

Exemplo práctico: compra dunha tartaruga de Florida.

A tartaruga de Florida, é unha especie orixinaria de EEUU. Moitas veces, por diversos motivos, a xente desfaise delas abandoándoas en ríos, montes, etc. Esta actitude que parece tan lóxica produce un desequilibrio importante, xa que esta especie se adapta moi ben e invade e despraza do seu territorio á tartaruga autóctona galega (sapoconcho), que ve reducido o seu número co conseguinte perigo de extinción.